

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Plan LÍA 2016-2020 de Bibliotecas Escolares
Lectura, Información, Aprendizaxe



XUNTA DE GALICIA

1. Antecedentes e xustificación

En maio de 2010, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentaba no Parlamento de Galicia o **Plan LÍA 2010/2015 de bibliotecas escolares para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe**, co que se pretendía dar resposta ás necesidades de avance que neste terreo se viñan manifestando, logo dun período de iniciativas da consellería en relación coas bibliotecas escolares e o fomento da lectura no ámbito educativo, iniciadas en setembro de 2003 coa creación da Asesoría de bibliotecas escolares.

O Plan LÍA buscaba a integración de todas as actuacións da consellería a prol das bibliotecas escolares para **a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego**.

Os cambios introducidos na sociedade pola incorporación do fenómeno dixital en todos os ámbitos da vida e as tendencias de relación e de comunicación que se van asentando nos individuos e nas colectividade afectan directamente aos sistemas educativos, que deben atopar respostas eficaces.

Nesta segunda década do século XXI, a “cultura da información” pódese definir en relación co acceso aos medios (mellora nas telecomunicacións, maior facilidade de acceso a dispositivos móbiles, novos servizos e canles de acceso); tamén en relación ás prácticas culturais (acceso ao mundo dixital desde moi novos, aprendizaxe informal a través dos medios, presenza nas redes sociais, prácticas privadas e globalizadas, produción de contido na rede, tendencia á interacción e á difusión de contidos e cambios na percepción da privacidade; e por último, en relación coas prácticas informativas (conectividade permanente, uso de internet como fonte única de acceso, afastamento dos medios informativos tradicionais, aprecio polos medios de información “informais”, desexo de resposta inmediata, selección limitada de fontes, valoración da información entre iguais, apropiación directa dos contidos percepción de autonomía e seguridade)¹.

Estas prácticas culturais, de acceso, uso e produción de información, xunto con outras tendencias que xorden dunha sociedade cada vez máis complexa e desigual, constitúen retos para o sistema educativo que ten na biblioteca escolar un dos aliados mellor preparados para enfrontar as novas dinámicas.

Elaborado o correspondente informe de resultados, e unha vez analizados logros e ámbitos de actuación que precisan reforzo tras a primeira fase do Plan LÍA, no período 2010/2015, cómpre agora abordar unha segunda fase, co deseño de novos obxectivos e liñas prioritarias de actuación que garantan a presenza estable de bibliotecas escolares en todos os centros educativos galegos de nivel non universitario, como recurso imprescindible para o

¹ Mónica Baró, Encuentros PLAMBE 2015/2016

desenvolvemento dos currículos e que, ao mesmo tempo, amplíe a experiencia de lectura e de acceso aos bens culturais de toda a poboación escolar galega e facilite a abordaxe dos cambios que as novas dinámicas sociais e educativas demandan.

2. Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares

Lectura, Información e Aprendizaxe seguen a ser os ámbitos de actuación da biblioteca escolar e dan nome a un plan de actuación estruturado da seguinte forma:

- **Obxectivos xerais:** as grandes finalidades do Plan LÍA de bibliotecas escolares que conectan os logros acadados até o momento cos retos pendentes e as novas necesidades.
- **Unha ducia de desafíos:** identifícanse 12 retos ou desafíos que cómpre abordar para avanzar na consecución dos obxectivos xerais deste Plan LÍA de bibliotecas escolares nos vindeiros cinco anos.
- **Liñas de acción e algunhas medidas concretas:** Para cada un dos desafíos, e sempre con vistas á consecución dos obxectivos finais, recóllense as principais liñas de acción xa iniciadas ás que se lles dá continuidade e outras iniciativas novas que cómpre poñer en marcha; detállanse algunhas medidas concretas a modo de exemplo.

3. Obxectivos xerais

- Dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Conseguir melloras significativas na “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”² en toda a poboación escolar galega.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Facilitar ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integracións das tecnoloxías emerxentes.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas, de forma que aproveiten os espazos, recursos e servizos para a vivencia dos valores de cidadanía e para a construción do coñecemento individual e compartido.

² Alfabetización múltiple. Consello de Europa (2012)



- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade entre os distintos sectores da comunidade educativa.

4. Unha dúcia de desafíos

No cadro seguinte resúmese esta dúcia de retos que as bibliotecas escolares deberán afrontar nos próximos anos:

1	Rede de bibliotecas escolares	<i>Acadar a renovación das bibliotecas escolares no 100% dos centros da rede galega de centros non universitarios.</i>
2	A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes	<i>Reforzar o concepto de biblioteca escolar como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar.</i>
3	A biblioteca inclusiva	<i>Pensar a biblioteca escolar como biblioteca inclusiva para unha mellor atención da diversidade.</i>
4	As alfabetizacións múltiples	<i>Contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital.</i>
5	As competencias ALFIN/AMI	<i>Deseñar e desenvolver programas para a mellora da competencia informacional e mediática (ALFIN/AMI³) do alumnado galego.</i>
6	A formación do profesorado	<i>Buscar aliados para un mellor aproveitamento das oportunidades que ofrece a biblioteca escolar, entre o profesorado e outros axentes con influencia no sistema educativo, a través da formación e a difusión de boas prácticas.</i>
7	Estabilidade para as bibliotecas escolares	<i>Asegurar a presenza estable das bibliotecas escolares nos centros educativos do sistema escolar galego mediante normativa específica e atención aos recursos humanos, entre outras medidas.</i>
8	Redes de colaboración	<i>Establecer e reforzar redes de colaboración con bibliotecas públicas e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora.</i>
9	As familias	<i>Ampliar as iniciativas destinadas á implicación das familias na formación lectora dos máis novos.</i>
10	Máis e mellores experiencias lectoras	<i>Facilitar oportunidades aos distintos sectores da comunidade escolar de descubrir e ampliar a experiencia lectora, e deseñar programas específicos para colectivos que dificilmente se vinculan á lectura.</i>
11	Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías activas	<i>Propiciar o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás, con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas.</i>
12	Avaliación, estudo, investigación	<i>Reforzar a avaliación do funcionamento da Rede de bibliotecas escolares e impulsar estudos e investigacións sobre o impacto nas aprendizaxes.</i>

³ Ver *Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias, contexto y propuestas*. MECD (2016).

5. Liñas de acción e medidas concretas (en relación cos desafíos identificados)

5.1. Rede de bibliotecas escolares.

Co fin de desenvolver ao 100% a Rede de bibliotecas escolares de Galicia e actualizar, nun tempo razoable, as bibliotecas da totalidade dos centros educativos de nivel non universitario na Comunidade Autónoma, cómpre continuar con algunhas das iniciativas xa en marcha e reforzalas con novas accións:

- 5.1.1. Ampliar, na medida do posible, os orzamentos destinados á actualización da Rede de bibliotecas escolares de Galicia.
- 5.1.2. Continuar coas convocatorias anuais do Plan de mellora de bibliotecas escolares (coas adaptacións pertinentes), un programa que facilita a renovación do modelo de biblioteca escolar, os seus equipamentos básicos e as súas actividades, para cubrir as necesidades da totalidade da rede pública de centros; abrir unha liña de axudas para os centros de titularidade privada concertada (*na convocatoria PLAMBE para o curso 2016/2017, vai destinada a todos os centros sostidos con fondos públicos, dando inicio xa a esta medida*).
- 5.1.3. Establecer un equipamento de carácter básico para os centros de nova creación e coordinación coa Unidade Técnica da consellería para que os centros novos (ou as remodelacións no seu caso) respondan ás necesidades actuais das bibliotecas escolares.
- 5.1.4. Dotar a Rede de bibliotecas escolares dun programa informático axeitado ás necesidades actuais. Adiantar as previsións de implantación dun programa baseado en software libre (Koha), xa implantado nas bibliotecas públicas nodais, coa contratación do módulo específico adaptado ás bibliotecas escolares.
- 5.1.5. Mellorar a atención técnica á Rede de bibliotecas escolares a través do Centro de Atención a Usuarios-Periférico, para a solución dos problemas técnicos derivados da utilización do programa de automatización da colección.
- 5.1.6. Reforzar os recursos nos servizos centrais da consellería para unha atención axeitada da Rede de bibliotecas escolares e asegurar a estabilidade do programa.
- 5.1.7. Consolidar e mellorar os instrumentos que facilitan a participación, a colaboración e o intercambio entre o profesorado responsable das bibliotecas escolares nos centros.
- 5.1.8. Crear un repositorio, vinculado á páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, no que se recollan os materiais

elaborados polos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares, co fin de mellorar o acceso a estes materiais.

- 5.1.9. Renovar a páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- 5.1.10. Reforzar as micro-redes en funcionamento en distintas zonas do territorio galego entre bibliotecas escolares próximas (a impulsos do propio programa), establecendo un sistema de apoio a estas micro-redes, e outras que se poidan crear, tomando como apoio centros de referencia pola súa traxectoria e incentivando a colaboración sistemática, con obxectivos concretos de actuación, reunións periódicas e finalidade de investigación e avance.
- 5.1.11. Promover o acompañamento entre centros como unha fórmula xa probada que permite avances significativos aos centros con menor experiencia ou formación, guiados por equipos con boas prácticas, o que redonda nun beneficio mutuo.
- 5.1.12. Reforzar a conexión e coordinación con outros segmentos da administración educativa que poden influír e provocar cambios metodolóxicos e de organización nos centros: Servizo de Inspección e Asesores/as de formación da Rede de Centros de formación do profesorado.

5.2. A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes

As bibliotecas todas están mudando oes seus espazos e funcións⁴. A incorporación do fenómeno dixital e as novas tendencias en materia de comunicación, información, construción do coñecemento individual e distribuído; a necesidade de pensar e construír con outros novas realidades, de compartir experiencias arredor da lectura, a ubicuidade das informacións a través dos dispositivos móbiles, a potencia de internet... están a provocar cambios profundos nas bibliotecas, tamén nas escolares.

Despois dunha ducia de anos de traballo continuado da administración educativa galega a prol das bibliotecas escolares, unha boa parte dos centros educativos contan cunha biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, máis ou menos equipado, máis ou menos estable, máis ou menos activo segundo as circunstancias de cada centro. Unha pequena parte destas bibliotecas (o 7% dos centros PLAMBE) son xa auténticos centros creativos de aprendizaxe para toda a comunidade educativa: ofrecen espazos, actividades, oportunidades para unha variedade ampla de experiencias. Nestes casos obsérvase que:

⁴ *Prospectiva 2020. Las 10 áreas que más van a cambiar en nuestras bibliotecas en los próximos años.* Consejo de Cooperación Bibliotecaria, 2013.

- ✓ *A biblioteca é un espazo estable, atendido por un equipo de docentes que responden a un perfil de formación e experiencia axeitados.*
- ✓ *As prácticas educativas do centro supoñen un uso continuado e intensivo dos recursos informativos que a biblioteca ofrece.*
- ✓ *Están incorporados os soportes audiovisuais e informáticos con absoluta normalidade.*
- ✓ *A biblioteca estimula e reforza a adquisición das competencias clave e moi especialmente as alfabetizacións múltiples.*
- ✓ *A actividade de fomento da lectura é alta e serve aos intereses dos diversos sectores da comunidade educativa.*
- ✓ *Existen programas de formación de usuarios e de educación da competencia para o uso da información (ALFIN).*
- ✓ *A biblioteca apoia e mesmo estimula o traballo por proxectos que se realiza nas aulas, liderando a introdución de metodoloxías activas e integradoras.*
- ✓ *A biblioteca é un espazo de convivencia e de atención á diversidade.*
- ✓ *Organízanse grupos de alumnado voluntario na biblioteca escolar.*

Porén, cómpre reforzar o concepto de biblioteca escolar como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar: os modelos de *learning commons* e a cultura dos *makerspaces* abren novos camiños para as bibliotecas escolares, camiños que algunhas das nosas bibliotecas xa teñen iniciado.

A biblioteca debe contemplarse como unha oportunidade para a flexibilización dos centros escolares na procura da renovación metodolóxica, dende os centros e dende as distintas unidades da administración educativa (unidades técnicas, equipamento, inspección...).

- 5.2.1. Publicar durante o ano 2017 unha convocatoria para formalizar un proxecto piloto, destinado aos centros PLAMBE, coa selección dun pequeno grupo de bibliotecas que, co apoio da comunidade educativa e o compromiso do equipo docente no seu conxunto, aborde a transformación da súa biblioteca converténdoa nun “laboratorio creativo de aprendizaxes”, co conseguinte respaldo metodolóxico e flexibilización organizativa de tempos e espazos. Desde o seguimento do Plan LÍA realizárase o oportuno apoio, seguimento e avaliación.
- 5.2.2. Traballar conxuntamente con outros axentes da administración educativa para o desenvolvemento deste proxecto (Formación do Profesorado, Innovación Educativa e Servizo de Inspección entre outros).
- 5.2.3. Promover a evolución de todas as bibliotecas escolares cara estes “laboratorios creativos de aprendizaxe”, introducindo novos espazos no modelo base actual e dotando de novas funcionalidades aos xa existentes.

- 5.2.4. Establecer un equipamento de carácter básico para os centros de nova creación.

5.3. Biblioteca inclusiva

Cómpre pensar a biblioteca escolar como unha biblioteca inclusiva que elimine as barreiras entre as persoas e os recursos culturais. O modelo de biblioteca que se foi estendendo nestes últimos anos leva implícito este concepto de inclusión; as bibliotecas escolares máis activas non só ofrecen máis e mellores recursos culturais; realizan tamén prácticas integradoras que pretenden paliar a exclusión e contribúen á eliminación do fracaso escolar. Porén, cómpre incidir aínda máis nesta misión da biblioteca: a de contribuír á eliminación das desigualdades.

- 5.3.1. Continuar e reforzar o programa “Bibliotecas Escolares Solidarias”, iniciado en 2013 coa iniciativa, “Voluntariado de lectura-A”, destinado ao alumnado de 5º e 6º de primaria, para promover valores de voluntariado e solidariedade a través da colaboración coa biblioteca escolar e nas actividades de lectura compartida dentro e fóra do centro.

Posteriormente engadíronse outras dúas iniciativas: “Voluntariado na biblioteca escolar”, para alumnado de secundaria, e o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” destinado a recoñecer a aquelas bibliotecas que destacan polo seu traballo a prol da eliminación das desigualdades e na promoción do voluntariado cultural entre os distintos membros da comunidade escolar. Difundir as boas prácticas e incentivar estas propostas.

- 5.3.2. Incentivar a maior presenza de equipamentos e materiais adaptados ás necesidades do alumnado con N.E.E. nas bibliotecas escolares.
- 5.3.3. Promover unha sinalización da biblioteca escolar que facilite a comprensión por parte de todo o alumnado, tamén daquel que presenta dificultades para a lectura.
- 5.3.4. Presentar a biblioteca escolar como un aliado imprescindible nas políticas para combater o fracaso, a exclusión e o abandono escolar.
- 5.3.5. Recoller en todas as convocatorias e iniciativas integradas no Plan LÍA a necesidade dunha correcta atención á diversidade desde a biblioteca escolar.
- 5.3.6. Poñer en marcha iniciativas co enfoque de “lectura fácil” destinadas a facilitar a lectura a grupos de alumnado con necesidades educativas específicas.
- 5.3.7. Apoiar a existencia de bibliotecas escolares activas nos centros de educación especial.

- 5.3.8. Reforzar o papel das bibliotecas escolares como factores de compensación de desigualdades sociais, de xeito que poidan atender as necesidades de todos os membros da comunidade educativa que, por razóns socioeconómicas ou outras, non teñen acceso aos recursos culturais máis básicos.

5.4. As alfabetizacións múltiples

Un dos obxectivos fundamentais da biblioteca escolar é o de contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado. Porén, falar de lectura nesta altura do século XXI é falar de multialfabetismos. Unha persoa alfabetizada nestes momentos é aquela que amosa “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”, segundo a definición do Consello de Europa en 2012. As alfabetizacións múltiples formulan retos de interese ao sistema educativo no seu conxunto e obriga á biblioteca escolar a mudar equipamentos, estratexias e actividades. Unha das cuestións que cómpre atender é a incorporación da lectura dixital na biblioteca escolar de forma que os libros electrónicos teñan unha presenza axustada á demanda e acorde ás necesidades dos distintos sectores da comunidade educativa.

- 5.4.1. Impulsar entre o profesorado vinculado ás bibliotecas escolares a investigación sobre o fenómeno da lectura, entendéndoa como alfabetización múltiple, a través da propia práctica, co fin de coñecer logros e dificultades, e poder deducir as características ou as condicións que reúnen aquelas experiencias máis proveitosas.
- 5.4.2. Difundir a través das actividades de formación do profesorado vinculadas ao Plan LÍA aquelas prácticas de excelencia en relación coa lectura como alfabetización múltiple, que se desenvolvan na Rede de bibliotecas escolares de Galicia.
- 5.4.3. Elaborar materiais de apoio ao profesorado con orientacións para a mellora da competencia lectora do alumnado, contemplando os distintos soportes e formatos, con especial atención á comprensión da lectura nos formatos dixitais.
- 5.4.4. Avaliar o desenvolvemento e resultados do proxecto “Escornabots na biblioteca escolar” posto en marcha en abril de 2016 (como iniciativa desta segunda fase do Plan LÍA), coa selección de 20 centros PLAMBE de ensino infantil e primario, para a introdución da robótica e das aprendizaxes por manipulación na biblioteca escolar, no contexto das alfabetizacións múltiples. Se o informe de avaliación deste proxecto (marzo/abril de 2017) fose positivo, continuar o

proxecto cunha segunda convocatoria e estudar a súa posible ampliación a centros de ensino secundario.

- 5.4.5. Introducir os videoxogos como un formato máis de lectura nas bibliotecas escolares, cunha linguaxe específica que cómpre analizar de forma crítica, contribuíndo a que o alumnado coñeza produtos de calidade e aprenda a seleccionar con criterio aqueles que lle poden axudar a desenvolver habilidades diversas para a súa vida persoal e social.
- 5.4.6. Incorporar as bibliotecas escolares á plataforma de libro dixital presente na actualidade nas bibliotecas públicas galegas (GaliciaLe) ou, no seu defecto, estudar a mellor fórmula para fornecer ás bibliotecas escolares galegas dun catálogo suficiente de títulos en soporte dixital, con atención ao libro galego e axeitado ás necesidades lectoras do alumnado.

5.5. As competencias ALFIN/AMI

Unha das funcións fundamentais da biblioteca escolar é a de contribuír a formación do alumnado para o acceso á información cuns mínimos de eficacia, e facilitar a adquisición de habilidades e destrezas no uso, tratamento, avaliación e produción de información. Seguindo as orientacións de institucións internacionais como a UNESCO ou a propia Comisión Europea nos últimos anos véñense unificando os obxectivos e contidos relacionados coa competencia informacional e a competencia mediática na denominada “Alfabetización Mediática e Informacional”, AMI, na medida que o traballo sistemático cos medios de comunicación facilita paralelamente a adquisición das competencias informacionais. Recentemente, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixo público o documento elaborado no seo do Consejo de Cooperación Bibliotecaria, *“Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias contexto y propuestas”* (2016), que contempla a biblioteca escolar como un dos recursos fundamentais para o desenvolvemento destas competencias e propón diversas actuacións neste campo.

- 5.5.1. Reforzar o desenvolvemento dos Proxectos Lectores de Centro no que atinxe á adquisición das competencias informacionais e mediáticas, tal e como recollen os desenvolvementos curriculares vixentes, mediante a difusión de boas prácticas, as actividades de formación do profesorado e a publicación de materiais de apoio.
- 5.5.2. Apoiar e reforzar a inclusión dos contidos ALFIN/AMI nos contidos curriculares, de forma transversal, co apoio da biblioteca; pero tamén o traballo intensivo e sistematizado a

través das materiais de libre configuración para secundaria (Investigación e Tratamento da Información) e as correspondentes adaptacións para 4º e 6º de primaria. Disponer recursos de apoio e difundir boas prácticas.

- 5.5.3. Elaborar un documento divulgativo, breve e conciso, para difundir os beneficios de traballar contidos ALFIN/AMI desde as bibliotecas escolares entre os distintos sectores das comunidades educativas.
- 5.5.4. Poñer en marcha un programa de radio escolar con vinculación á biblioteca escolar, como instrumento valioso para o desenvolvemento de actividades de comunicación lingüística e de adquisición de competencias en información e medios.
- 5.5.5. Crear un “centro de recursos ALFIN/AMI” de carácter virtual nun principio (*Laboratorio ALFIN/AMI* ou outro nome por determinar), vinculado á páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, con repositorio de producións audiovisuais elaboradas desde os centros ou desde institucións (en galego), entre outros recursos; pero tamén con orientacións, propostas, e materiais de apoio para o desenvolvemento das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.
- 5.5.6. Poñer en marcha un programa de colaboración coas escolas de imaxe e son de Galicia (e as facultades de Ciencias da Comunicación ou Xornalismo) para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais e de traballo coa información con bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, como práctica para o alumnado dos ciclos formativos e como oportunidade para o alumnado de colexios e institutos.
- 5.5.7. Poñer en marcha certames e propostas de traballo colaborativo no ámbito dos medios audiovisuais vinculados á lectura e ás bibliotecas como concurso de *booktrailers*, certames de fotografía temática, investigacións arredor dunha temática concreta ente outros.
- 5.5.8. Promover a celebración dun “Ano ALFIN” co fin de impulsar un maior coñecemento entre a comunidade educativa da importancia de traballar pola mellora non alumnado das competencias en información e medios.

5.6. A formación do profesorado

Cómpre reforzar a formación do profesorado para un mellor aproveitamento das oportunidades que ofrece a biblioteca escolar. Un dos factores de avance das bibliotecas escolares ten sido a coordinación entre as persoas responsables deste programa na D.X. de Centros e Recursos Humanos e a Rede de Formación do Profesorado no deseño e desenvolvemento das actividades formativas neste ámbito, desde a creación da Asesoría de bibliotecas escolares.

Por outro lado, as actividades formativas organizadas desde o seguimento do programa serviron e han de seguir permitindo a introdución daqueles aspectos ou dinámicas de traballo que cumpra iniciar no colectivo do profesorado vinculado ás bibliotecas escolares.

- 5.6.1. Establecer xunto co Servizo de Formación do Profesorado as medidas necesarias para prestar a atención pertinente á alta demanda de formación en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura que presenta o profesorado galego. Reforzar o funcionamento e a coordinación da Comisión de Bibliotecas Escolares mixta (Centros de Formación e Recursos/Asesoría de bibliotecas escolares).
- 5.6.2. Actualizar e reforzar o itinerario formativo en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura deseñado inicialmente en 2004 (aínda que foi adaptado anualmente ás necesidades de formación), incorporando os aspectos que se contemplan na documentación relativa ás competencias profesionais docentes (Servizo de Formación do Profesorado), por unha parte, e procurando resposta ás necesidades de formación permanente do profesorado vinculadas á estabilidade e sustentabilidade da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, especificamente.
- 5.6.3. Continuar a celebrar as tres actividades formativas vinculadas ao Plan LÍA: Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia (outono), Encontros do Plan de mellora de bibliotecas escolares (primavera) e Xornadas dos Clubs de Lectura (primavera), coas adaptacións e renovacións necesarias.
- 5.6.4. Dar resposta a outras necesidades formativas observadas no seguimento dos diversos programas do Plan LÍA entre colectivos con influencia no desenvolvemento da Rede de Bibliotecas Escolares (inspectores/as, equipos de dirección, persoas asesoras nos centros de formación e recursos).
- 5.6.5. Diseñar e desenvolver actividades formativas con carácter bianual, como mínimo, para formadores (profesorado que colabora na formación de forma cotiá, asesores e asesoras de formación) co fin de unificar criterios e desenvolver propostas de maior calado, vinculadas ao Plan LÍA.
- 5.6.6. Seguir a difundir as prácticas de excelencia a través das actividades formativas, como unha fórmula de resultado para a extensión dos modelos de biblioteca e de actuación en materia de lectura, apoiados desde a consellería.
- 5.6.7. Introducir un módulo de biblioteca escolar (principalmente do aproveitamento dos recursos da biblioteca escolar e dos contidos ALFIN/AMI) en todas as actividades formativas.
- 5.6.8. Establecer contactos coas Universidades galegas co fin de que as bibliotecas escolares e todo o relacionado coas competencias ALFIN/AMI e alfabetizacións múltiples teñan

unha presenza suficiente nos plans de estudo do profesorado, acorde á realidade dos centros. Apoiar a creación dunha Mención de profesor/bibliotecario nos graos de Mestre en Educación Infantil e Primaria, e no grao de Ciencias de Educación.

- 5.6.9. Elaboración de materiais formativos en formato audiovisual (pílulas informativas) para incidir nos aspectos que cumpra reforzar desde o Plan LÍA e todos os seus programas e iniciativas.

5.7. Estabilidade para as bibliotecas escolares

Á vista dos resultados obtidos nos últimos anos e diante dos datos recollidos a través dos diversos estudos realizados (Estatística do Ministerio de Educación 2015/16 (aínda non publicada), informe do Plan LÍA 2010/2015, Informe de situación do PLAMBE 2015/2016, Informe do Consello Escolar de Galicia 2016), cómpre tomar medidas que aseguren a estabilidade e a continuidade das bibliotecas escolares no sistema educativo galego. Máis aínda, cómpre asegurar o nivel de excelencia acadado por un importante número de bibliotecas, un dos sinais de identidade deste sistema na última década.

- 5.7.1. Continuar coa publicación dunhas instrucións sobre a organización e funcionamento da biblioteca escolar ao comezo de cada un dos cursos escolares mentres se considere procedente.
- 5.7.2. Desenvolvemento dunha normativa que asegure a estabilidade do conxunto das bibliotecas escolares e a súa existencia plena e útil en todos os centros de ensino, segundo o modelo que se está a xeneralizar a través do Plan de mellora de bibliotecas escolares e que procura a adaptación aos novos retos educativos.
- 5.7.3. Garantir a presenza explícita da biblioteca escolar no Regulamento Orgánico dos Centros: normativa específica sobre o modelo a seguir, atendendo ás particularidades dos distintos centros, equipamento e dotación mínimos, funcións, organización, medios materiais e humanos, xestión, funcionamento, avaliación, etc. Do mesmo modo, garantir que se recolla a súa presenza e as condicións para o seu funcionamento nos documentos orgánicos dos centros (PXA, Memoria, etc.).
- 5.7.4. Explorar as posibilidades para a inclusión da figura do Profesor/bibliotecario nos centros de ensino.
- 5.7.5. Asociado ao anterior, desenvolvemento dun sistema de acreditación con recoñecemento da formación e a experiencia do profesorado en materia de bibliotecas escolares, competencias ALFIN/AMI e fomento da lectura.

- 5.7.6. Mellora dos recursos de apoio externo para toda a Rede de bibliotecas escolares (aumento dos recursos humanos e outros).
- 5.7.7. Creación dun grupo de apoio á Asesoría de bibliotecas escolares, formado por profesorado con experiencia para coordinar as micro-redes territoriais e contribuír á formación do profesorado das bibliotecas con menor experiencia.
- 5.7.8. Creación dun Servizo de Bibliotecas Escolares dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

5.8. Redes de colaboración

O desenvolvemento da Rede de bibliotecas escolares, así como a posta en marcha do conxunto de iniciativas do Plan LÍA esixe o establecemento e reforzo de redes de colaboración entre os diversos departamentos da administración educativa e outros axentes sociais con influencia na construción da sociedade lectora e con incidencia na poboación escolar.

- 5.8.1. Reforzar a coordinación cos diferentes departamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou outros que poidan intervir en beneficio das bibliotecas escolares e outras iniciativas integradas no Plan LÍA (Construción, Equipamentos, Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Inspección Educativa, Subdirección Xeral de Bibliotecas, dependente da Secretaría Xeral de Cultura).
- 5.8.2. Establecer convenios coas Universidades Galegas de cara á realización de prácticas dos seus estudantes de Biblioteconomía, en centros con bibliotecas escolares activas ou de probada excelencia.
- 5.8.3. Creación dun Observatorio das Bibliotecas Escolares (ou Grupo Técnico, Comisión, etc), con expertos e axentes implicados no desenvolvemento da Rede de bibliotecas escolares. Terían entre os seus fins, a realización bianual dun estudo sobre a súa situación, a elaboración de propostas de avance, elaboración de materiais de apoio, propostas de estudos de impacto e outras).
- 5.8.4. Establecer unha liña de colaboración coa Subdirección Xeral de Bibliotecas para a posta en marcha de actividades formativas e de colaboración entre a rede de bibliotecas públicas e a rede de bibliotecas escolares.
- 5.8.5. Abrir unha liña de traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para estudar a conveniencia de elaboración dun marco de referencia e o deseño de fórmulas axeitadas á realidade de cada concello,

para un aproveitamento dos recursos das bibliotecas escolares por parte de toda a comunidade, principalmente naqueles municipios asentados no rural (ou nos barrios das cidades grandes), onde a biblioteca escolar pode funcionar como biblioteca de proximidade.

5.9. As familias

Nos últimos anos, as bibliotecas escolares máis activas realizaron importantes avances na implicación das familias na educación lectora dos máis pequenos, organizando actividades para pais e nais na biblioteca, preparando espazos de lectura específicos para pais e nais, creando seccións destinadas ás familias na colección ou implicando en actividades de lectura e outras aos propios pais e nais. Cómpre, de todos modos, seguir incidindo neste ámbito, pois algúns estudos estatísticos amosan un certo descoñecemento por parte das familias dos beneficios e das oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para a formación dos seus fillos e fillas; por outra parte, a implicación das familias favorece a consecución dos obxectivos en materia de lectura, polo efecto motivador que a súa implicación ten para os máis pequenos.

- 5.9.1. Diseñar fórmulas para que as bibliotecas escolares melloren a información e a difusión das súas actividades e recursos entre o conxunto da comunidade educativa.
- 5.9.2. Diseñar e poñer en marcha unha campaña de fomento da lectura en familia, vinculada ás bibliotecas escolares.
- 5.9.3. Edición (en soporte dixital e, se é posible, en soporte impreso) de materiais específicos para as familias en relación coa lectura e as posibilidades de mediación no fogar para a formación de hábitos de lectura e mellora da comprensión lectora, incluíndo contidos relacionados coa lectura dixital.
- 5.9.4. Promover a celebración dunha “semana da lectura en familia” con orientacións para a súa celebración nas bibliotecas escolares (mesmo en coordinación coas bibliotecas públicas).
- 5.9.5. Incentivar a realización nas bibliotecas escolares de actividades para a implicación das familias e para a formación de pais e nais como mediadores de lectura, como unha acción prioritaria no contexto dos Proxectos Lectores de Centro.
- 5.9.6. Programar algunha actividade formativa destinada ás familias en relación coa lectura e coas competencias en información e medios de comunicación, co fin de dotalas de recursos para aproveitar as oportunidades da biblioteca escolar para o lecer e para a aprendizaxe.
- 5.9.7. Diseñar e poñer en marcha un programa destinado á favorecer a aprendizaxe da lectura na etapa de ensino infantil

coa participación das familias e, se fose posible, en colaboración cos concellos (a través da FEGAMP).

- 5.9.8. Promover o voluntariado das familias a través da colaboración nas actividades de xestión e dinamización das bibliotecas escolares (reforzando as iniciativas do programa Bibliotecas Escolares Solidarias).
- 5.9.9. Difundir as boas prácticas das bibliotecas que logran implicar ás familias na construción de comunidades lectoras.

5.10. Máis e mellores experiencias lectoras

A través das distintas iniciativas contempladas no Plan LÍA procúrase facilitar oportunidades aos diferentes sectores da comunidade escolar para descubrir e ampliar a experiencia lectora. O empuxe que teñen acadado as bibliotecas escolares galegas e a boa recepción de todas as iniciativas en materia de fomento da lectura que desde elas se organizan como concreción dos Proxectos Lectores de Centro, teñen mudado o panorama lector nos centros educativos. Hoxe a lectura está moi presente en colexios e institutos pero aínda quedan moitos retos aos que facer fronte.

- 5.10.1. Elaborar un DAFO sobre a situación da lectura no ámbito educativo, nunha mostra suficiente de centros, con participación de profesorado e familias.
- 5.10.2. Reforzar o programa Hora de ler, integrado no Plan LÍA como conxunto de iniciativas para o fomento da lectura no ámbito educativo, con novas iniciativas e propostas.
- 5.10.3. Continuar e ampliar a liña de publicacións en relación co Día da Biblioteca, do Día do Libro e outros.
- 5.10.4. Facilitar ao profesorado orientacións, pautas, recursos, propostas e materiais de apoio para o seu labor de fomento da lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- 5.10.5. Reforzar os Proxectos Lectores de Centro e as súas concrecións anuais nos Plan Anuais de Lectura, obrigatorios nos centros de ensino primario e secundario, a través da formación, a difusión das boas prácticas e a edición de pautas e materiais de apoio.
- 5.10.6. Contribuír á “estratexia galega de dinamización da lectura 2016-2020” que na actualidade está a elaborarse baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Cultura, integrada nesta consellería.
- 5.10.7. Ampliar, no posible, o orzamento dedicado á iniciativa dos Clubs de Lectura, á vista dos índices de participación e dos resultados deste programa.

- 5.10.8. Promover a celebración en 2017, no que se cumpre unha década do programa “clubs de lectura”, dun gran encontro de lectoras e lectores dos clubs de lectura dos centros de ensino de Galicia.
- 5.10.9. Facilitar un espazo dixital (*Rutas literarias*) para a publicación das rutas literarias desenvolvidas polos clubs de lectura nos últimos anos, co fin de recoller e difundir todo o coñecemento xerado polos centros neste ámbito. Estudar a posibilidade de editar unha pequena publicación na que se recollan as principais rutas literarias ideadas e desenvolvidas por clubs de lectura dos centros de ensino.
- 5.10.10. Diseñar e poñer en marcha iniciativas para promover a lectura entre os denominados “grupos de risco” (adolescentes e varóns, fundamentalmente), así como o alumnado de necesidades educativas específicas.
- 5.10.11. Facilitar o préstamo de títulos en formato dixital, a través da plataforma GaliciaLe ou calquera outra que se considere oportuno (Ver o punto 5.4.6, Alfabetizacións múltiples)
- 5.10.12. Ampliar as temáticas das maletas viaxeiras en función das demandas recibidas (Educación Especial, Cultura Clásica, Francés e outras).
- 5.10.13. Actualizar algunhas das maletas viaxeiras, como a de poesía e cómic, con novas publicacións, para seguir mantendo a súa calidade e boa recepción por parte dos centros.
- 5.10.14. Estudar a posibilidade de colaboración con algunha asociación que traballe con cans para actividades específicas, co fin de promover unha iniciativa de lectura na que os nenos e nenas de primaria poidan practicar a lectura a estes animais, práctica que ten dado moi bo resultado noutros países e da que xa hai algún exemplo puntual en bibliotecas públicas da comunidade (moi recomendable, especialmente, para alumnado con dificultades na lectura).
- 5.10.15. Retomar o concurso de lectura en voz alta, levado a cabo en 2010, co fin de incentivar a lectura expresiva e a oralidade nos centros educativos.
- 5.10.16. Incentivar a participación do alumnado en propostas de narrativa transmedia, recomendacións lectoras en formato *booktrailer*, relatos fotográficos, vídeos, etc, mediante a convocatoria de certames, especialmente destinados aos lectores adolescentes.
- 5.10.17. Favorecer a existencia de textos en formato “lectura fácil” e promover actividades para alumnado e familias que o precisen (Ver o punto 5.3.6 de Biblioteca inclusiva)
- 5.10.18. Facilitar ao profesorado unha plataforma, integrada na páxina de bibliotecas escolares, para a difusión de

- proxectos relacionados co estudo da toponimia máis próxima, “De rúas e lugares”.
- 5.10.19. Elaborar e difundir documentos breves con orientacións e pautas para o desenvolvemento da “hora de ler” (tempo dedicado á lectura en horario lectivo) e dos Proxectos Lectores de centro
 - 5.10.20. Difundir as mellores prácticas de promoción da lectura nas actividades formativas e a través dos espazos web da consellería, especificamente na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia.

5.11. Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías activas

Desde o Plan LÍA cómpre favorecer o emprego dos recursos e servizos da biblioteca escolar no desenvolvemento das prácticas cotiás, con apoio preferente ás metodoloxías activas e colaborativas. As novas necesidades educativas teñen un aliado esencial na biblioteca escolar que pode ser o laboratorio de aprendizaxe creativa do centro (Ver desafío 2, e o seu desenvolvemento no punto 5.2.). Porén, segue a existir descoñecemento sobre estas posibilidades da biblioteca como instrumento e como oportunidade para o desenvolvemento das competencias dixitais, amén doutras aprendizaxes. As bibliotecas escolares galegas con maior madurez lideran a introdución das metodoloxías por proxectos, integrados na función de formar ao alumnado nas competencias de uso, tratamento, valoración e produción de información, sendo este tamén un dos sinais de identidade do programa de bibliotecas desta consellería. Cómpre continuar traballando nesta liña e afianzar os logros conseguidos até o momento.

- 5.11.1. Dar continuidade ás convocatorias do Concurso de Traballos por Proxectos coordinados ou coa axuda da biblioteca escolar. Reforzar con máis orzamento se fose posible e difundir os traballos galardoados co fin de espallar bos modelos de práctica.
- 5.11.2. Reforzar a integración das humanidades e as ciencias nos traballos de investigación promovidos desde a biblioteca escolar, cun enfoque holístico e un tratamento interdisciplinario.
- 5.11.3. Vincular as propostas de aprendizaxes baseadas en proxectos ás competencias necesarias para unha “cultura da información” (competencias en información e medios de comunicación, incluída a competencia dixital).
- 5.11.4. Promover a celebración dunha “semana da investigación”, vinculada ás posibilidades da biblioteca escolar.
- 5.11.5. Apoiar a celebración do Día das Artes Galegas (1 de abril), cun certame de investigación entre o alumnado de

secundaria sobre o artista ao que se lle dedique cada ano esta data.

- 5.11.6. Promover a reflexión do profesorado neste ámbito a través da petición de artigos para a revista EDUGA ou outras iniciativas.
- 5.11.7. Dar a coñecer e promover a iniciativa de proxectos de “aprendizaxe-servizo” como unha modalidade da metodoloxía de proxectos con gran impacto social na comunidade e nas aprendizaxes do alumnado.

5.12. Avaliación, estudo, investigación.

Un dos factores que máis teñen influído nos avances da rede de bibliotecas escolares de Galicia está relacionado coa “cultura da avaliación” que desde o programa de bibliotecas escolares e outras iniciativas do Plan LÍA se ten incentivado, como requisito imprescindible para a participación e continuidade. Porén, o ámbito da avaliación é un territorio por desenvolver en moitos aspectos, polo que esta segunda fase do Plan LÍA recolle varias iniciativas. Cómpre, así mesmo, impulsar estudos de impacto das bibliotecas escolares nas aprendizaxes, en liña con outras investigacións que neste ámbito se realizan noutros países con redes de bibliotecas moi desenvolvidos (como exemplo os estudos que realizan Portugal, Chile e, fundamentalmente, os países anglosaxóns).

- 5.12.1. Mellorar as ferramentas para a avaliación anual das actividades das bibliotecas escolares incluídas no PLAMBE, superando a fase da elaboración de memorias, co fin de facilitar o traballo do profesorado pero garantindo sempre a fiabilidade e a rigorosidade dos datos recollidos.
- 5.12.2. Aproveitar as posibilidades da ferramenta de autoavaliación “*Bibliotecas escolares, entre interrogantes?*” publicada polo MECD e traducida ao galego, elaborando unha adaptación en formato web que permita recoller datos dos centros e o seu tratamento estatístico posterior.
- 5.12.3. Promover un estudo de impacto das bibliotecas escolares nas aprendizaxes (a determinar as etapas ou niveis de estudo, a periodicidade, a extensión da mostra e outras características).
- 5.12.4. Promover a través dunha convocatoria específica destinada a profesorado, o seguimento e os logros do alumnado que participa no programa de clubs de lectura, co fin de obter datos significativos sobre o impacto desta iniciativa no desenvolvemento de competencias deste alumnado e nos resultados académicos, logo dun período de cando menos dous anos de participación continuada.

- 5.12.5. Dentro da “estratexia galega de dinamización da lectura 2016-20120”, incluír un estudo sobre os índices de lectura entre a poboación galega en idade escolar.
- 5.12.6. Realizar un estudo de impacto socioeconómico das bibliotecas escolares, seguindo o modelo incentivado desde o Consejo de Cooperación Bibliotecaria (MECD) para este tipo de estudos, xa probado en bibliotecas públicas, coa conseguinte adaptación.
- 5.12.7. Incentivar a investigación de grupos de profesores e profesoras en materia de bibliotecas escolares, aprendizaxe da lectura, promoción da lectura, as competencias propias da “cultura de información” (ALFIN/AMI), o traballo coas familias como mediadores de lectura, e outras propias deste ámbito..
- 5.12.8. Difundir convenientemente os resultados do estudo estatístico sobre as bibliotecas escolares en Galicia, realizado en colaboración co MECD durante o curso 2015/2016 e que se darán a coñecer a comezos de 2017, segundo as previsións.
- 5.12.9. Realizar informes valorativos de todas e cada unha das iniciativas deseñadas e desenvolvidas no contexto do Plan LÍA, tal e como se fixo até o momento.

6. Avaliación do Plan LÍA 2016-2020

Desde a Asesoría de bibliotecas escolares realízase anualmente un seguimento sobre a situación das bibliotecas integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e dáse difusión dalgúns datos e aspectos de interese. A valoración en función dos datos recollidos a partir da lectura das memorias que estas bibliotecas realizan a finais de cada curso escolar, dos formularios vía web que cobren como parte da avaliación final de actividades, e do propio seguimento que se realiza desde a Asesoría. Así mesmo, elabóranse valoracións e informes de todos e cada un dos programas e iniciativas que se poñen en marcha no contexto do Plan LÍA, informes que se dan a coñecer a través da páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia. Do mesmo xeito, ao remate do período 2010-2015 elaborouse un detallado informe de resultados da primeira fase do Plan LÍA de bibliotecas escolares.

Continuarase con esta dinámica de revisión e valoración de todas as iniciativas integradas no actual Plan LÍA 2016/2020, e nomeadamente, cos informes anuais de situación do Plan de mellora de bibliotecas escolares. Igualmente, ao remate deste período 2016/20120 farase unha valoración de obxectivos acadados.

Teranse en conta, entre outros, os seguintes indicadores:

- N° de centros incorporados ao Plan de mellora de bibliotecas escolares e porcentaxe en relación ao n° total de centros públicos e privados concertados.
- N° de alumnos e alumnas beneficiados polas diferentes iniciativas e programas.
- N° de alumnos e alumnas participantes nas accións de Voluntariado na biblioteca escolar.
- N° de lectoras e lectores participantes na iniciativa de Clubs de lectura, e outras.
- Porcentaxe de familias implicadas nas actividades da biblioteca escolar.
- Avances en materia de biblioteca inclusiva (accesibilidade, recursos, actividades, alumnado beneficiado).
- Avances en materia de comprensión lectora e outras competencias clave nas diferentes probas de diagnose do sistema educativo.
- Profesorado participante nas actividades formativas relacionadas coa biblioteca escolar, a competencia informacional e mediática e o fomento da lectura.
- Resultado de participación de centros nas iniciativas do Plan LÍA postas en marcha.
- Investimento realizado no conxunto das iniciativas do Plan LÍA e, nomeadamente, no Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- Avances nos resultados na estatística estatal de bibliotecas escolares.
- Materiais editados en apoio do profesorado relacionados con este ámbito educativo.

7. Memoria económica/Previsión orzamentaria

Os orzamentos necesarios para o desenvolvemento da segunda fase deste Plan LÍA van estar ligados ás condicións económicas do período 2016/2020. Á vista dos investimentos realizados no período 2010/2015 e dos resultados obtidos, realízase unha estimación media de 1.500.000€ por cada período anual, sen ter en conta as actuacións que poidan levarse a cabo no ámbito dos recursos humanos, que non se cuantifican nese importe. O custo total mínimo estimado para este plan é, pois, de sete millóns e medio de euros. Cómpre ter en conta que xa no primeiro ano deste período (2016) o investimento final en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura foi de 1.696.000€.

8. Bibliografía/recursos web

- *Bibliotecas escolares, entre interrogantes?*. MEC/FGSR (2011). Accesible en <http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Bibliotecasentreinterrogantesgallego.pdf>
- *Conclusiones del Consejo, de 26 de noviembre de 2012, sobre alfabetizaciones múltiples*. Consejo de la Unión Europea. DOUE (2012). Accesible en <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>
- *Directrices IFLA para a biblioteca escolar*. IFLA (2015). Accesible en <http://www.ifla.org/files/assets/school-libraries-resource-centers/publications/ifla-school-library-guidelines.pdf> (existe versión en galego impulsada desde a D.X. de Centros e RRHH)
- *Impact of school libraries on learning. Critical review of published evidence to inform the Scottish education community*. Dorothy Williams, Caroline Wavell and Katie Morrison. SLIC (2013). Accesible en <https://openair.rgu.ac.uk/handle/10059/1093>
- *Instrucións de 1 de setembro de 2016, da D.X. de Centros e RRHH en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2016/2017*. Accesible en <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19825>
- *Integración de las competencias ALFIN/AMI en el sistema educativo: referencias, contexto y propuestas*. Grupo de Trabajo de Alfabetización Informativa (GTALFIN). MECD (2016). Accesible en <https://sede.educacion.gob.es/publivena/d/20721C/19/1>
- *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*. Xunta de Galicia. Accesible en <https://www.boe.es/buscar/pdf/2012/BOE-A-2012-9061-consolidado.pdf>
- *Marco de referencia para las bibliotecas escolares*. MEC (2011). Accesible en <http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/bibliotecas/mc/consejocb/comisiones-tecnicas-de-cooperacion/escolares/Marcoreferenciabescolares.pdf>
- *Orde do 23 de maio de 2016 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2016/2017*. CCEOU. Accesible en http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160608/AnuncioG0164-260516-0001_gl.pdf
- *Plan Estratégico de IFLA 2016-2021*. IFLA (2016). Accesible en <http://www.ifla.org/ES/strategic-plan>
- *Prospectiva 2020 .Las diez áreas que más van a cambiar en nuestras bibliotecas en los próximos años*. Consejo de Cooperación Bibliotecaria (2013). Accesible en http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Estudio_prospectiva_2020.pdf

Páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia:


<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

9. Anexo I: Avance do informe sobre o Plan de mellora de bibliotecas escolares no período 2015/2016

Unha vez resolta a convocatoria PLAMBE para o curso 2016/2017, a porcentaxe de centros integrados neste programa é a seguinte:

Tipo	Denominación	Plambe	% do total de centros pub.	% dos centros + 5 unid.
CEE	Centro de Educación Especial	4	31%	
CEIP	Colexio de Educación Infantil e Primaria	322	56%	66%
CEP	Colexio de Educación Primaria	18	75%	82%
CIFP	Centro Integrado de Formación Profesional	5	26%	
CMUS	Conservatorio de Música	2	22%	
CPI	Centro Público Integrado	46	67%	
CRA	Colexio Rural Agrupado	12	43%	
EEl	Escola de Educación Infantil	9	7%	50%
EOI	Escola Oficial de Idiomas	4	36%	
EPAPU	Centro Público de Educación e Promoción de Adultos	1	9%	
IES	Instituto de Educación Secundaria	182	72%	
CPR	Colexios Privados Concertados (entran este curso)	10	5% (do total de centros concertados)	

O gráfico seguinte reflicte a tipoloxía de centros que integran o actual Plan de mellora de bibliotecas escolares:




A partir dos datos recollidos no formulario complementario á memoria do curso 2015/2016, dos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, cómpre salientar os seguintes resultados:


Logros	% dos Centros Plambe
Ampliaron espazos de biblioteca	32% dos centros
A BE conta con recursos electrónicos na súa colección	65% das bibliotecas
O alumnado fai un uso cotián da BE para as aprendizaxes	No 94% dos centros
A BE promove ou apoia traballos por proxectos (innovación metodolóxica)	80% das bibliotecas
Están integradas as TIC nas actividades da BE	No 93% dos centros
A biblioteca edita unha guía de usuarios	No 71% dos centros
Existe un programa de formación de usuarios	No 87% dos centros
A B.E. conta cun <u>programa</u> para aprender a buscar, seleccionar, valorar e producir información	No 41% dos centros
A BE conta con alumnado voluntario	No 74% dos centros
Existe colaboración con bibliotecas públicas e/ou outras bibliotecas escolares	No 64% das bibliotecas

Outros datos de interese:

1. Presenza da “hora de ler”, ou tempo para a lectura no horario lectivo, nos centros Plambe, durante o curso 2015/2016:



2. Actividades de lectura compartida puntuais ou sistemáticas:



Índice de contidos:

1. Antecedentes e xustificación.....	1
2. Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares.....	2
3. Obxectivos xerais.....	2
4. Unha ducia de desafíos.....	3
5. Liñas de acción e medidas concretas	4
5.1. Rede de Bibliotecas Escolares.....	4
5.2. A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes.....	5
5.3. Biblioteca inclusiva.....	7
5.4. As alfabetizacións múltiples.....	8
5.5. As competencias ALFIN/AMI.....	9
5.6. A formación do profesorado.....	10
5.7. Estabilidade para as bibliotecas escolares.....	11
5.8. Redes de colaboración.....	12
5.9. As familias.....	13
5.10. Máis e mellores experiencias lectoras.....	15
5.11. Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías.....	17
5.12. Avaliación, estudo, investigación.....	18
6. Avaliación do Plan LÍA 2016/2020.....	19
7. Memoria económica.....	20
8. Bibliografía/recursos web.....	21
9. Anexo I: Avance do informe PLAMBE 15/16.....	22